

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **22 de abril de 2021**

Ás 18.21 horas do día 22 de abril de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339728>) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE MARZO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de marzo de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 18 de marzo de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á RECUPERACIÓN DA MICROTAPONIMIA NA PROVINCIA DE OURENSE

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz de Democracia Ourensana, procede a realizar un resumo do contido da súa moción. Destaca a súa definición de microtoponimia, o seu valor patrimonial desde o punto de vista inmaterial, e a súa aplicación práctica en campos científicos como lingüística, arqueoloxía, historia, bioloxía, dereito, destacando a súa importancia cultural da microtoponimia. Este saber, indica, que está fundamentalmente na cabeza das persoas maiores, que son as que conservan os nomes dos lugares, moi numerosos polo minifundio en Galicia, destacando o nome detallado das terras, predios, regatos, montes... Son nomes pensados e cun gran valor útil. Moitas institucións están traballando para que non se perda este importante valor cultural como o proxecto Galicia Nomeada que precisan da colaboración de cantas máis persoas, e anima a todos os que teñan coñecementos na súas vilas e pobos, de rexistralo na medida do que poidan, coa axuda que hoxe en día proporciona “Google maps” e as coordenadas. Ten un valor de socialización interxeneracional entre os máis novos e os maiores que conservan este valioso saber. Isto pódese canalizar a través da colaboración de colexios, asociacións culturais, asociacións de veciños, segundo o concello. Dá lectura a continuación á proposta que consta na moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, sinala que de momento, aínda que lle parece moi interesante a moción que presentan, fai reserva de voto ata o día do pleno, por se pode enriquecer o debate.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, indica as iniciativas de Galicia Nomeada, outra do propio Ministerio. Destaca que a nosa toponimia a coñecen os vellos do lugar e se está a perder, dentro de pouco estes micro topónimos perderanse, e deben conservarse. Considera que se deben conservar. A súa postura é favorable. Fai unha reserva de voto por se pode realizar algunha achega a maiores. E bo dar a coñecer estas iniciativas que xa están en marcha, e a xente se adhira a elas, aínda que para as persoas maiores é complicado.

D. Álvaro Vila Araújo do Grupo Socialista, indica que esta moción lles parece moi interesante. Non sabe se chegaremos a tempo, pero é preferible chegar. Ofrécelle dúbidas a

súa practicidade. Fai reserva de voto, pero achegará máis datos no argumentario no pleno. Parécelle moi positiva a iniciativa. Espera non perder esta bagaxe etnográfica. Apoiaremos no pleno pero con achegas propias.

A presidenta da comisión indica que fai unha reserva de voto para poder avanzar na moción. Destaca que a toponimia axuda, en moitos casos, a atopar elementos arqueolóxicos descoñecidos.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz de Democracia Ourensana, agradece a actitude receptiva dos grupos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable de DO (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), do BNG (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Activar unha liña de axudas da Deputación de Ourense aos concellos da provincia para que poidan iniciar, en colaboración con entidades culturais, educativas ou sociais que consideren oportunas, actividades destinadas á recuperación, co maior detalle posible, da microtoponimia do seu territorio, e a posta a disposición desa información ás entidades públicas interesadas

3º- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A presidenta da comisión dá resposta a unha pregunta realizada na sesión anterior por don Álvaro Vila, sobre os horarios do Mosteiro de San Pedro de Rocas. Ata o 15 de marzo estivo pechado debido á pandemia. Agora hai control de aforo e os luns está pechado. O horario é de martes a venres de 10 a 14 horas, e os sábados, domingos e festivos de 10 a 14 e de 16 a 19 horas. Dende Recursos Humanos indican que se podería incorporar máis persoal, e modificaríanse os horarios.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, fai dous rogos. Pide que se considere a posibilidade de facer unha declaración institucional de todos os grupos sobre o máster de enxeñería aeronáutica, emprazando á Universidade de Vigo, á da Coruña e á Consellería de Cultura, Educación e Universidades para que se resolva a implantación deste máster. Engade que leva dous anos e aínda non se implantou, e por tal motivo, a xente ten que marchar de

Ourense e de Galicia para realizar este máster. Por tal motivo merece unha declaración institucional, xa que non ten sentido que non estea implantado e tempo tiveron de sobra.

Realiza tamén, don Bernardo Varela outro rogo. Sinala que estes días saíu na prensa que o Concello de Ourense falaba de deixar a universidade popular e retomalo pola institución provincial. Cree que neste mandato xa trasladou que o Teatro Principal ou o Festival de Cine de Ourense, a institución provincial está para apoiar a concellos de menos de vinte mil habitantes e non ten sentido que a institución provincial acolla máis elementos que son propios do Concello capital da provincia que ten máis de cen mil habitantes. Antes de dar ese paso debería pensalo, e que o Concello asuma as consecuencias e que non sexa a Deputación a que se faga cargo de algo que está na capitalidade e o debe soste cos seus fondos. Roga que se faga esta reflexión xa que eses fondos se detraen dos que deberían ir aos de menos de vinte mil habitantes que son os que deben ser obxectivo da Deputación.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz de Democracia Ourensana, matiza que Bernardo citou a universidade laboral, é o correcto é universidade popular.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, pregunta como é o funcionamento do premio do estatuto de autonomía, xa que se reuniu o xurado o mesmo día que se publicaron as bases no BOP. Pregunta se se mandaron as bases antes aos colexios ou se se colgaron na web xa que o prazo para entregar os traballos finalizou o luns 29 de marzo as dúas da tarde e as bases publicáronse o martes 30 de marzo. Ese día reuniuse o xurado e non sabe se foi un erro ou cal é o funcionamento do premio.

O **vice secretario** aclara que as bases saíron publicadas o martes 30 de marzo, e recollían, por erro, que o día 29 de marzo finalizaba o prazo de presentación dos traballos. Pero o día 3 de abril, sábado, publicouse unha corrección de erros no que se indicaba que a presentación de traballos era ata o luns 5 de abril ás 12 horas.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, sinala que o xurado se reuniu o trinta de marzo, estivo ela presente, xunto con Patricia, Pablo Pérez, e Rosendo.

A presidenta da comisión sinala que vai facer a consulta e na seguinte comisión se aclarará.

E, ás 18.41 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.